

5. AS REACCIÓNS QUÍMICAS

As **reaccións químicas** son os procesos mediante os cales teñen lugar os cambios químicos. Lembremos que un cambio químico é aquel que modifica a natureza dunha substancia converténdoa noutra nova.

Nas reaccións químicas unha ou máis substancias, denominadas **reactivos**, convértense noutras substancias chamadas **produtos**. Por exemplo, o ferro combinado co osíxeno reacciona producindo óxido de ferro.

Deseguido, analizaremos algunhas das reaccións máis habituais na natureza:



Descomposición

É un tipo de reacción química mediante a cal a partir dunha substancia composta se orixinan dúas ou máis substancias máis sinxelas. Un exemplo é a descomposición da materia orgánica en inorgánica que realizan algúns seres vivos.



Oxidación

É un proceso no que algunhas substancias, en contacto co aire ou coa auga, reaccionan co osíxeno e se oxidan. Un exemplo é a oxidación dos metais.

Fermentación

É un tipo de reacción química que se dá en ausencia de osíxeno e na que os produtos finais son substancias orgánicas. Un exemplo deste tipo de reaccións é a que realizan algúns microorganismos e que nos permiten a obtención de queixo ou iogur.



Combustión

É unha reacción entre un material combustible e o osíxeno de modo que o combustible arde ou se queima, e xeralmente desprende luz e calor.